

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 26 DE XULLO DE 2007.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **VINTESEIS DE XULLO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia da tenente de Alcalde **D<sup>a</sup> OFELIA REY RECIMIL** e os concelleiros **D<sup>o</sup> JAVIER CUIÑA MACEIRA** e **D<sup>a</sup> MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

Non asiste: **D<sup>o</sup> MANUEL CUIÑA FERNANDEZ**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2º.- CONTRATACIÓN.-**

**3º.- SUBVENCÍONS.-**

**4º.- URBANISMO.-**

**5º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**1.1.-** Escrito de D<sup>a</sup> Susana Mercedes Rozados López, Rexistro de Entrada nº 509 de data 07 de febreiro de 2007, no que expón que con ocasión da cesión gratuita o Concello de Silleda, no ano 1995, dos terreos para a Residencia e Centro da Terceira Idade, donados por D<sup>a</sup> María Gontán Uribe, fixo entón Alcalde-Presidente D<sup>o</sup> Juan José Salgueiro Montouto, o seguinte rogo:

“Que una vez construído el Centro Residencial, y dentro de las plazas a cubrir para su funcionamiento, solicita que a uno de dichos puestos de trabajo tenga opción prioritaria, de acuerdo con la normativa vigente, la joven doña Susana Rozados López, con domicilio en la calle Cartagena, de la villa”.

O mencionado escrito adxunta acordos da Comisión de Goberno deste Concello así como curriculum vitae, e solicita acceder a un posto de administrativo no centro da terceira

idade de Silleda (antigo centro de saúde).

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**1.2.-** Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 3074, de data 05 de xullo de 2007, remitindo resolución relativa á prórroga dos traballos de control e seguimento arqueolóxico das obras de movementos de terras do Proxecto de construción de plataforma; liña de Alta Velocidade, corredor Norte-Noroeste, eixo: Ourense-Santiago de Compostela, treito: Lalín Santiago de Compostela, subtreito: Lalín(Anzo)-Silleda (Carboeiro).

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**1.3.-** Escrito de Dº Juan Manuel Mourón Conde, en representación da Asociación Santirso de Manduas, Rexistro de Entrada nº 3360 de data 24 de xullo de 2007 en relación as obras de mellora do teleclub de Manduas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda informar que existe un proxecto para a mellora do mencionado teleclub, pero que tal obra carece da preceptiva autorización da Consellería de Patrimonio, polo que se remitirá o expediente completo xunto coa súa solicitude a devandita Consellería ós efectos que conceda tal autorización. En segundo lugar solicitan o Sr. Mourón Conde que informe de a que empresa privada pertence o mobiliario do teleclub.

## **2º.- CONTRATACIÓN.-**

**2.1.-** Dase conta das bases de selección para contratación temporal, a través da modalidade contractual de servizo determinado, dun auxiliar de axuda a domicilio, sendo a duración do contrato ata o 31 de outubro de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a estas bases así como a publicación nun diario dun anuncio para coñecemento xeral e apertura de prazo para presentación de solicitudes.

### **2.2.- Adxudicación de contrato menor, Plan FIP 2.007**

Dada a necesidade de proceder á celebración dun contrato de consultoría e asistencia técnica para impartir o curso de formación ocupacional (Plan F.I.P 2.007) de auxiliar de atención en comedores.

Visto que o presuposto do contrato é de 10.890,00 euros, e que a súa duración non é superior a un ano e que non será obxecto de prórroga nin de revisión de prezos, polo que é posible a adxudicación como contrato menor, de conformidade co disposto no artigo 201 do TRLCAP.

Visto o certificado de existencia de crédito emitido por Intervención en data 26 de

xullo de 2.007.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o gasto correspondente ó contrato de consultoría e asistencia técnica para impartir o curso de formación ocupacional (Plan FIP 2.007) de auxiliar de atención en comedores, por importe de 10.890,00 euros, con cargo á correspondente partida do presuposto municipal vixente

**SEGUNDO:** Adxudicar a Centro de Orientación de Estudios Comerciales S.L.(COESCO), o contrato de Consultaría e Asistencia Técnica para impartir-lo curso de Formación Ocupacional (Plan F.I.P.) de auxiliar de atención en comedores, fixando como precio do contrato a cantidade de 10.890,00 €€, IVA incluído.

### **3º.- SUBVENCIONS.-**

**3.1.-** Dase conta do proxecto confeccionado polo Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez denominado “**Acondicionamento Praza da Cultura**” cun presuposto de execución por contrata de 66.000,00 €€€.

A Xunta de Goberno Local, visto o proxecto anteriormente mencionado, por unanimidade acorda prestar aprobación o mesmo e solicitar a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra o cambio de aplicación da obra incluída no PAM 2006-2008 denominada “Acondicionamento e mellora de rúas (San Isidro, Morón, Emilio Alonso Paz) e arranxo de viais” por “**Acondicionamento Praza da Cultura**”

**3.2.-** Escrito da Dirección Xeral de Conservación da Natureza-Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 3369, de data 26 de xullo de 2007, comunicando que en relación o expediente 2007-P-27, concedeuse unha subvención de 7.985,44 €€€ para a realización da acción Sinais, ó abeiro da Orde de 1 de decembro de 2006, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades de divulgación, formación educativa e estudos técnicos para os concellos incluídos na Rede Natura 2000.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**3.3.-** Escrito da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Consellería de Presidencia (Secretaría Xeral de Comunicación), Rexistro de Entrada nº 3370 de data 26 de xullo de 2007, denegando a solicitude de subvención formulada ó abeiro da Resolución do 28 de febreiro de 2007, para realización de estudos de cobertura, a planificación de novas instalacións ou a realización de proxectos técnicos de telecomunicación, por non acadar a valoración mínima de 11,5 puntos establecida na convocatoria.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**3.4.-** En relación a Orde do 12 de xullo de 2007 da Consellería de Medio Ambiente e

Desenvolvementos Sostible, pola que se convoca para o ano 2007 a concesión de axudas destinadas a entidades locais de Galicia para a mellora de xestión e explotación dos puntos limpos construídos para a xestión de residuos sólidos urbanos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a súa participación nesta convocatoria e aceptar as bases desta Orde.

**3.5.-** Escrito de Dº Dario Guzmán González, en calidade de Presidente do Clube Petanca Bandeira, Rexistro de Entrada nº 3375, de data 26 de xullo de 2007, solicitando axuda económica para facer fronte os gastos do Clube.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda informar que a concesión destas subvencións debe adecuarse o procedemento marcado pola Lei de Subvencións, e a estes efectos aprobaranse a maior brevidade as bases de concesión de subvencións as asociacións deportivas, polo que mentras tanto non se pode otorgar a axuda solicitada.

#### **4º.- URBANISMO.-**

**4.1.-** Escrito de Dº Manuel Ignacio Costoya González, Rexistro de Entrada nº 3359, de data 24 de xullo de 2007, no que expón que na finca propiedade de Manuel Pardo Álvarez, situada ó norte da vivenda unifamiliar do lugar de Costela, nº 20, Margaride (Silleda) estanse a realizar unhas obras que aparentan ser un estable.

A Xunta de Goberno Local, por unaimidade, acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para que emitan informe sobre esta denuncia.

**4.2.-** Danse conta dos escritos de Dª Felicita Canabal Meijomence, Rexistro de Entrada nº 3338 e 3339, ambos de data 23 de xullo de 2007, de denuncia contra Dº Servando Muiños Sanmartín por augas que invaden a súa propiedade e contra Manuel Fernández Canabal por construción dun tellado fronte o seu estable.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado das mesmas á oficina técnica municipal para que emitan informe sobre as irregularidades urbanísticas e medio ambientais existentes na zona de Pereira-Laro, ós efectos de adoptar as medidas oportunas.

#### **5º.- INTERVENCIÓN.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a seguinte factura e proceder o recoñecemento das obrigas correspondentes:

Data Factura	Nº Factura	Proveedor	Concepto	Importe
30.04.07 (Entrada el 16.05.07)	C070066335	Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos	Servicio de franqueo pagado	706,43 □□□

## **ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,